



Ensino de lingua e literatura está nun nivel "decepcionante" | ARQUIVO

final da súa produción, que deixa unha obra monumental. A pesar de que desapareceron fisicamente, aí están os libros de Borges, García Márquez, Rulfo, Carlos Fuentes, etc. que, postos xuntos, son dunha potencia insuperable. O cumio da literatura hispanoamericana da segunda metade do século XX é difícil de alcanzar. A española non a sigo con moita precisión, porque non podo estar a todo e cando non podo atender unha cousa ben atendida, prefiro non participar. Pero sigo apreciando autores que son da miña formación: Miguel Delibes, Juan Marsé, Eduardo Mendoza... que son excelentes. Estou pensando en galegos, como Cela, Fernández Flórez, Torrente Ballester, Pardo Bazán e un longo etcétera. Pero aínda que non teñen esa dimensión de moi grandes, hai xente nova na literatura hispanoamericana que son moi bos escritores,

ou sexa, que esa continuidade está asegurada. É certo que non se avanzou moito no ámbito editorial, que é pequeno, fortemente imaxinativo, cousas de vanguardia, de pequenas revistas, moi revolucionarias ás veces, pero as editoriais viñéronse abaixo e o relevo é moi difícil. A única que continúa é o Fondo de Cultura Económica de México, que segue editando grandes libros.

Dos méritos científicos de Don Ricardo non cometerei a ousadía de poñer en dúbida nin unha coma. Outra cousa é como profesor e a súa fórmula lusista



mica de México, que segue editando grandes libros.

Marcha coa espiña de non ter rematado algún traballo no que puxera especial interese?

Si. Hai un proxecto, que foi no que máis interese e esperanzas puxen, pero que non foi adiante por razóns que non teñen nada que ver nin comigo, nin coa investigación, nin coa lingua... Un enfrontamento entre intereses, dereitos de autor... Política pura. E o resultado é o de sempre: ás veces nin se come nin se deixa comer. Eu teño que solicitar das autoridades que ese proxecto, a edición dos "Parladoiros" de Otero Pedrayo, a primeira serie xornalística –arredor de 700 textos– integramente en lingua galega despois da Guerra Civil, poida por fin saír e estar ao dispor dos lectores e investigadores. Sería unha moi boa nova para Galicia. ●

Xerais publica "Illas a sotavento", de Henrique Dacosta, premio Lueiro Rey

Ambientada en Covas, relata a aventura que emprende un grupo de amigos

REDACCIÓN FERROL

En xuño foi "A Rota do Oeste", en Edicións Embora, e agora, tres meses despois, Xerais publica "Illas a sotavento", o último libro de Henrique Dacosta (Ferrol, 1964), galardoado co premio Manuel Lueiro Rey de novela curta na súa vixésimo quinta edición.

A historia que contén o libro está protagonizada por Eloi e os seus amigos, unha cuadrilla do lugar do Prioiro, na parroquia de Covas, que mantén cos de Arriba unha forte rivalidade. Calquera motivo é suficiente para enfrontar os dous grupos.

Narrada por un dos protagonistas andados os anos, o detonante de "Illas a sotavento" atópase no momento en que o grupo decide construír con material de refugallo que chega á ribeira unha balsa para viaxar a un lugar entre Herbosa e as illas Gabeiras do que se contan historias e lendas de todo tipo. E será

alí onde a acción se acelera, e xa sen volta atrás.

A novela está formulada como a viaxe iniciática da adolescencia, e cunha forte compoñente ecolóxica –a descrición dunha paisaxe incomparable que, ademais, é real–, a novela é a primeira aproximación de Henrique Dacosta ao público infantoxuvenil, exceptuando se cadra "O día que ao Carlos lle fora mal".

Para todos os públicos

"Non me custou especialmente enfocalo a ese público", explica o autor, "porque puxen nela moitas vivencias propias, moitos lugares que coñezo desde neno. E logo tamén é certo que cando un se pon con algo así, todos temos moi presentes as historias que limos cando eramos pequenos".

Da novela, que lle valeu un dos premios literarios máis prestixiosos da literatura galega, destacan tamén os críticos o seu ritmo, impulsado por unha estrutura áxil, ao xeito de capítulos-entregas.

Polo de agora non hai data fixada para a presentación do libro en Ferrol, aínda que desde esta mesma semana xa se atopa á venda nas librarías da cidade. ●



Dacosta, nunha entrevista en Diario de Ferrol | JORGE MEIS